

Lirismo reflexivo

Lámpada e medusa, de M. Forcadela



RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO


Con *Lámpada e medusa*, Manuel Forcadela acada a XXI edición do Premio Esquíu de Poesía en lingua galega, engadindo así un novo galardón ao seu amplo currículo. Como ensaísta e estudioso da literatura ten publicado ademais numerosas obras sobre diversos autores, entre as que destacan as edicións críticas sobre a poesía de Eduardo Pondal. Como narrador dáse a coñecer no ano 1990 co libro *Paisaxe con muller e barco*, novela coa que logra a primeira edición do Premio Manuel García Barros, e a que seguirán logo outras moitas ata chegar a súa última entrega titulada *A armada invencible*. Pero onde realmente vai desenvolver mellor e con máis éxito a súa actividade creativa será no eido da poesía, xénero no que obtivo un maior recoñecemento, acadando moitos premios de renome cos seguintes libros de poemas: *Ferida acústica de río*, Premio Celso Emilio Ferreiro, 1982; *O varredor en outono*, Premio Lelia-

doura, 1987; *Morte do fadista*, Premio Espiral Maior, 1999; *Refutación da musa*, Premio Aula de Poesía de Barcelona, 2000.

É Manuel Forcadela polo tanto un bardo moi experimentado, que ademais compaxina esa gran vocación, con outra

A TOPAMOS MOITA
MÚSICA AO LONGO
DESTES VERSOS
TRABALLADOS CON
PACIENCIA NO
PENTAGRAMA

non menos grata para el, como é a do ensino, pois é doutor en Filoloxía e Catedrático de Lingua Galega e Literatura, e na actualidade exerce como profe-



sor asociado na Universidade de Vigo.

Hai en *Lámpada e medusa*, o libro que nos ocupa, un concerto melodioso de pianos, clavicordios, guitarras, tambores, bombardinos, harpas, cítaras, frautas e incluso unhas notas de sitar. Música, moita música e moito ritmo nos versos traballados con paciencia no pentagrama “Do cálculo e do ritmo da linguaxe”. Pois Manuel é un melómano empedernido, que

inevitabilmente, traspasa ese desmedido amor pola música as estrofas dos seus poemas.

A maior parte das composicións deste novo libro teñen certo carácter autobiográfico. O autor, un home adulto, no ecuador da súa vida, fai balance sobre moitos aspectos da mesma, e reflexiona sobre unha morea de cuestións de certa transcendencia con bastante pesimismo. Como poden ser a morte, o futuro incerto da lingua galega, o exilio na propia terra, nesta nación inconclusa. Pero tamén hai un lugar para a esperanza e a ilusión, para un chisco de optimismo nesta viaxe emprendida, pois os fillos “acenden a linguaxe e van gañando o voo das grandes singraduras, e chegan a ser barcos, navíos que, varados, (...) ou mesmo xa botados nas ondas da distancia, incendian os afectos, os bosques da paixón e prenden entre as herbas da nos talxia os lumes máis sagrados que un home pode ollar, (...)”

Como dicíamos, o balance que Manuel Forcadela fai non é nada alentador, pero por desgracia bastante realista, sobre todo en certos aspectos, como por exemplo no que atinxe á lingua galega; no poema titulado Solpor e eternidade escribe:

“Que insólito escribir en lingua fenecente / Con signos, con palabras que non pervivirán,” Pero será noutra composición denominada Funérea, onde esta preocupación do autor consegue acadar unha fermosura conmovedora con versos como: “As linguas cando morren non deixan de soñar (...) E soñan entre as pernas dos poemas / E pintan sobre as portas dos palacios (...) Que as linguas son milagres que nunca retroceden”.

Outra das características dunha boa parte da obra poética de Manuel Forcadela é a continua representación do outono nos seus versos. En *Lámpada e medusa* ese venerado outono está moi presente, pero como signo de madurez e plenitude vital.

Posúe como dixemos este poemario, profundas reflexións sobre temas cruciais que cremos preocupan a moitos cidadáns, pero tamén hai momentos de distensión e sosego; pois o autor, nun xesto cómplice, fai ao lector participe das súas adquisicións con claras referencias, que o iran situando nesa dobre metaforización existente, “Imaxes que transcenden nun voo de transparencia / As augas da linguaxe”.

FORCADELA, Manuel,
Lámpada e medusa, Ed.
Sociedade de Cultura Valle-
Inclán, Ferrol, 2002, 80 páxinas.